



*Real Decreto 1364/2010, do 29 de outubro, polo que se regula o concurso de traslados de ámbito estatal entre persoal funcionario dos corpos docentes contemplados na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e outros procedementos de provisión de prazas a cubrir por estes. (BOE do 30 de outubro de 2010)*

*Disposición adicional sexta. Permutas.*

*1. Poderán autorizarse excepcionalmente permutas entre persoal funcionario en activo dos corpos docentes cando concorran as seguintes condicións:*

- a) Que desempeñen con carácter definitivo os destinos que se permutan.*
- b) Que acrediten, polo menos, dous anos de servizos efectivos con carácter definitivo nas prazas obxecto da permuta.*
- c) Que ambos os dous destinos sexan de igual natureza e correspondan a idéntica forma de provisión.*
- d) Que os que pretendan a permuta contén respectivamente cun número de anos de servizo que non difira entre si en máis de cinco.*
- e) Que se emita informe previo favorable pola unidade administrativa da que dependa cada unha das prazas.*

*2. Cando a permuta se pretenda entre prazas dependentes de Administracións educativas diferentes será necesario que ambas as dúas o autoricen simultaneamente.*

*3. No prazo de dez anos, a partir da concesión dunha permuta, non poderá autorizarse outra a calquera das persoas permutantes.*

*4. Non poderá autorizarse permuta entre persoal funcionario cando a algún deles lle falten menos de dez anos para cumprir a idade de xubilación legalmente establecida.*

*5. Deixaranse sen efecto as permutas se nos dous anos seguintes á data na que teñan lugar se produce unha excedencia ou xubilación voluntaria dalgunha das persoas permutantes.*

*6. A quen se autorizase a permuta non poderá participar nos concursos de provisión de postos ata que non acredite, polo menos, dous anos de servizos efectivos, a partir da data da toma de posesión, na praza á que se incorporou como consecuencia da concesión da permuta.*